

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XANEIRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1719/2015.-ENMA MARIA GONZALEZ ROSENDE.- Conceder a licenza de obras de acondicionamento dun local para destinar a café-bar sito na rúa do Franco nº 33.

LIC/701/2015.- AURORA ROSARIO CANELO VAZQUEZ.- Conceder a licenza para execución de estrutura de cuberta dun inmoible sito na rúa Algalia de Abaixo nº 23 Esc 01 000 A.

LIC/194/2014.- JOSE MANUEL NOVIO VAZQUEZ.- Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Travesía do Sixto nº 28.

LIC/1360/2015.- COMUNICADE DE PROPIETARIOS SANTIAGO DE CHILE Nº 22.- Conceder a licenza de obras para a reparación do portal dun inmoible sito na rúa Santiago de Chile nº 22.

SEGREGACION.-

LIC/1620/2015.- FERNANDO IGLESIAS LOPEZ.- Denegar a licenza para segregación e agrupación dunha parcela sita no lugar de Aldrei – Marrozos.

PRÓRROGA.-

LIC/518/2015.- ANA PORTELA SILVESTRE.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de novembro de 2014 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rueiro das Figueiriñas nº 31.

CADUCIDADES.-

LIC/937/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L.- Declarar a caducidade da licenza de construción de dous bloques para 34 vivendas, garaxes, trasteiros e locais comerciais, bloque BA2: 24 VPA e Bloque BA3: 10 VPL (LIC/937/2008).

LIC/938/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, S. L.- Declarar a caducidade da licenza de construción dun edificio para 28 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque A1: 21 vivendas e Bloque A2: 7 vivendas de VPL) na rúa Castiñeiriño SUNP-11.

LIC/939/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, S. L.- Declarar a caducidade da licenza de construción dun edificio para 31 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque BB3).

LIC/940/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, S. L.- Declarar a caducidade de licenza de construción dun edificio para 16 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque BB4).

LIC/941/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, S. L.- Declarar a caducidade de licenza de construción dun edificio para 16 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque BB1).

RECURSO DE REPOSICION.-

LIC/899/2008.- CONSTRULART UNIÓN, S. L.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local que declarou caducada a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita en Fonte do Ouro s/n.

RENUNCIA.-

LIC/2/2009.- ESTACION DE SERVICIO COMPOSTELA, S. L.- Aceptar a renuncia formulada polo interesado da licenza de obras outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de setembro de 2009 (LIC/2/2009) e ACCEDER Á DEVOLUCIÓN DO AVAL por importe de 2.000 €.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

LIC/1770/2015.- MARIA MERCEDES GALLAS TORREIRA.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2011, por importe de 1.000 €.-

LIC/1771/2015.- MARIA MERCEDES GALLAS TORREIRA.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2011, por importe de 19.680,74 €.-

LIC/1781/2015.- TRAMEBHOR, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 01/02/2011 por importe de 3.000 €.-

LIC/1758/2015.- PROMOCIONES FALCÓN ACHA, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da xunta de goberno local de 04/06/2007 por importe de 6.000 €.-

1.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de acondicionamento dun local para destinar a café-bar sito na rúa do Franco, nº 33. (LIC/1719/2015). Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para execución de estrutura de cuberta dun inmovible sito na rúa Algalia de Abaixo, nº 23 Es 01 000 A. (LIC/701/2015). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Travesía do Sixto nº 28. (LIC/194/2014). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para a reparación do portal dun inmovible sito na rúa Santiago de Chile, nº 22. (LIC/1360/2015). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza para segregación e agrupación dunha parcela sita no lugar de Aldrei-Marrozos. (LIC/1620/2015). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á concesión de prórroga da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rueiro de Figueiriñas nº 31. (LIC/518/2015). Apróbase a proposta.

7.- Propostas do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativas á declaración de caducidade das licenzas: LIC/937/2008, LIC/938/2008, LIC/939/2008, LIC/940/2008 e LIC/941/2008. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á desestimación do recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local que declarou caducada a licenza para a construción dunha vivenda familiar na parcela sita en Fonte do Ouro, s/n. (LIC/899/2008). Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a renuncia da licenza de obras outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 15.9.2009 (LIC/2/2009) e acceder á devolución do aval por importe de 2.000 euros. Apróbase a proposta.

10.- Propostas do concelleiro delegado e Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativas ás devolucións de fianzas dos expedientes: LIC/1770/2015, LIC/1771/2015, 1781/2015 e LIC/1758/2015. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao expediente XOB/65/2015 de demolición dunha edificación de baixo + 2 plantas en estado ruinoso e mellora da seguridade nunha parcela municipal sita na Muíña, SUNP-5, Rúa Besada nº 17, de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de desconsignación e pago. Parcelas 28 A/B/C do SUNP-5 A MUIÑA. Apróbase a proposta.

13 a 59.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

60.- Proposta do alcalde relativa ao inicio de trámites para a recepción das obras "Execución das obras do Proxecto de renovación de viarios e beirarrúas Av. Quiroga Palacios". Apróbase a proposta.

61.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia realtiva á

transmisión da licenza de taxi número 46 a favor de Dna. **MARÍA DEL CARMEN CORTÉS RODRÍGUEZ**, por defunción do seu cónxuxe, **D. JESÚS MOURE FANDIÑO**, titular legal da mesma. Apróbase a proposta

62.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á nova concesión de uso das hortas municipais de Caramoniña, a Almáciga e as Brañas de Sar. Acórdase establecer como prazo para formular as solicitudes de concesión de uso das Hortas de Caramoniña, Almáciga e Brañas de Sar, dende o 5 de febreiro ao 5 de marzo, ambos incluídos.

63.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á denegación de axuda do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

64.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar conta da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as axudas e subvencións previstas na resolución do 8.10.15 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións a Entidades Locais para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria no ano 2016. Dáse conta á Xunta de Goberno da concesión dunha subvención de 60.000 euros para o desenvolvemento do programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres, subvención que engloba dúas anualidades. A contía da axuda para o ano 2015 ascende a 45.000 euros (para gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2014 e o 30 de novembro de 2015), e a contía da axuda para o ano 2016 ascende a 15.000 euros (para gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2015 e o 31 de marzo de 2016).

65.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, para a posta en marcha do programa integral "EMPREGO SANTIAGO V". Apróbase a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, por un importe de 120.000 euros para o proxecto Emprego Santiago V, orzamentado en 148.800 euros. A achega do Concello en concepto de cofinanciamento, por un importe de 28.800 euros, farase en dúas anualidades (2016 e 2017). A execución do programa Emprego Santiago V enmárcase na condición do Concello de Santiago de centro colaborador do Servizo Público de Emprego na área de orientación e busca de emprego.

66.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao expediente outorgamento prórroga autorización demanial ocupación espazo público pista patinaxe sobre xeo 2015/2016. Apróbase a prórroga da ocupación polo período do 1 ao 14 de febreiro de 2015.

URXENCIAS

1.-Aprobación do Proxecto de Ordenanza de Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, de conformidade co previsto no artigo 89 do Regulamento Orgánico Municipal, aos efectos de proseguir a tramitación ata o sometemento á consideración do Pleno. O obxectivo é crear a oportuna norma de desenvolvemento municipal que estableza as peculiaridades e adaptacións que precise a Administración Municipal para o cumprimento da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2.- Aprobación da prórroga do contrato con SETEX Apakisa por un período de 6 meses. Acórdase a continuación dos efectos do contrato con SETEX Aparkisa S.A para a xestión dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento na vía pública e a retirada, traslado e depósito de vehículos, prorrogando o prazo inicialmente establecido de tres meses durante seis meses máis, ou nun prazo inferior no suposto de que se acade acordo sobre a xestión con anterioridade.

3.-Dar conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de decembro de 2015, que anula o acordo da Xunta de Goberno do 5 de setembro de 2013 sobre a adjudicación da xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas a CLECE S.A. Acórdase executar a antedita resolución xudicial e dispoñer que se retrotraia o procedemento de licitación dese contrato ao momento en que se excluíu indebidamente a

proposición da licitadora recorrente SERMASA S.A. Ademais, acórdase convocar a mesa de contratación para que, en execución da sentenza, admita a proposición de SERMASA e tramite o expediente de licitación ata elaborar a nova proposta de adxudicación que resulte. A empresa CLECE continuará prestando o servizo, baixo as mesmas cláusulas do contrato, ata que o Concello resolva sobre a nova adxudicación.